



## **TÍTULO PROFESIONAL DE BIÓLOGO INVESTIGADOR**

Unha das funcións que teñen os Colexios Profesionais é a de regular o exercicio da profesión nos seus diversos campos de competencia e actividade profesional. Así, no ano 1992, o Colexio Oficial de Biólogos regulou a cualificación de “Biólogo especialista en Laboratorio Clínico”, que resultou de moita utilidade na consecución do recoñecemento oficial do acceso ás especialidades sanitarias do Laboratorio Clínico.

Así mesmo, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos tamén ten a capacidade de regular, no seu ámbito, actividades profesionais dos biólogos, tal como recoñece o artigo 4.2.f. dos seus vixentes Estatutos provisionais (Orde 14 de maio de 2001, BOE de 24 de maio de 2001).

Por outra parte, o Goberno Español ten a manifesta intención de actualizar os procedementos de acceso á actividade profesional da investigación científico-técnica e as modalidades da mesma. Neste sentido, a finais de febreiro de 2010, deu a coñecer o “*Borrador de Anteproxecto de Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación*”, que actualmente continúa a súa tramitación parlamentaria.

Atendendo a esta iniciativa, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos considerou conveniente establecer un sistema de Cualificación Profesional de “Biólogo Investigador”, no marco das súas competencias antes mencionadas. Por esta razón, na súa reunión de 20 de marzo de 2010, o Pleno do Consello aprobou un Regulamento de acceso ao Título Profesional de Biólogo Investigador.

As finalidades deste Regulamento son principalmente as de:

- coñecer cantos biólogos están en situación de acceder a un posto de traballo estable de investigador.
- poder facilitar ás Comisións e Axencias avaliadoras oficiais a información de cantos biólogos investigadores están capacitados para acceder a un posto estable de investigador.
- ofrecer ás empresas usuarias dos servizos dos biólogos investigadores o coñecemento de quen posúe as competencias e habilidades profesionais propias da Investigación científico-técnica.
- proporcionar a cada biólogo investigador un recoñecemento da adecuación da súa carreira profesional e da calidade do seu traballo.

Neste Regulamento recóllense tamén as Condicións de acceso, a Documentación que cómpre aportar, os Criterios de avaliación que se van seguir, o Comité avaliador que se reunirá e a Resolución do expediente.

Proximamente porase en marcha en cada Colexio Autonómico este Regulamento, para mellorar a defensa profesional dos biólogos cuxa actividade profesional é a investigación.